

ANEXO 2

DECLARACIÓN RESPONSABLE

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL (ANUALIDADE 2025)

D./D^a _____ con
DNI _____ na condición de representante legal da entidade
_____ con NIF _____

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

1. Que a entidade que represento non se atopa incursa en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións, nin nas recollidas nos mesmos apartados do artigo 10 da Lei 9/2007, de xuño, de subvencións de Galicia.
1. Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen, especialmente as establecidas no apartado 3 das normas específicas reguladoras do concurso de subvencións para entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural (anualidade 2025).
2. Que a entidade que represento, cumpre todos os requisitos e obrigas da convocatoria para poder participar no concurso de concesión de subvencións para entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, ano 2025, polo que ten a condición de beneficiaria.
3. Que a entidade que represento: (marque o que proceda)

SI está asumindo o custo do imposto sobre o valor engadido (IVE) por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

NON está asumindo o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE) por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

4. Que a entidade á que represento non é debedora por resolución de procedencia de reintegro no momento da sinatura da presente declaración.
5. Que a entidade que represento non ten pendente de xustificación subvencións anteriores- da mesma natureza- coa Excm. Deputación Provincial de Lugo.
6. Que os estatutos da entidade foron presentados na anualidade _____ ante a Área de _____ da Deputación de Lugo.
7. Que dende a data indicada da súa presentación estes non sufriron modificacións nin actualizacións, atopándose en vigor na actualidade.
8. Que a entidade a que represento:

Campo de opción NON solicitou nin lle foi concedida ningunha outra subvención ou axuda doutras administracións públicas ou outras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma actuación subvencionable.

Campo de opción SI, ten axudas ou subvencións solicitadas, concedidas ou pendentes de resolución, para a mesma actuación subvencionable, segundo a seguinte táboa:

Final del formulario

CONCEPTO (marque cunha cruz "X")		ENTIDADE Á QUE SE LLE SOLICITOU A AXUDA OU SUBVENCIÓN	IMPORTE
AXUDA	SUBVENCIÓN		
			€
			€
			€

TOTAL AXUDAS OU SUBVENCIÓNS	€
------------------------------------	---

9. Outros patrocinios sen achegas económicas doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas, tal como figura na seguinte relación detallada dos patrocinios (sen achegas económicas) obtidos para o mesmo obxecto ou actividade:

PATROCINIO DE	EN CONCEPTO DE

- Que a entidade que represento se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, no momento da sinatura da presente declaración.
- E que se compromete a manter o cumprimento das anteditas obrigas durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación de Lugo.
- Que se compromete a incluír a imaxe corporativa da área de Cultura da Excma. Deputación de Lugo e a empregar o idioma galego en calquera comunicación ou publicación e en todos os soportes que a entidade utilice para publicar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado.
- Que no desenvolvemento da actividade se compromete a non incluír contidos ou publicidade que tácita ou implicitamente se poidan considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

E para que así conste para os efectos oportunos, expido a presente declaración responsable

O /A representante legal

(sinatura).